



MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE,  
Y MEDIO RURAL Y MA

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL
REGISTRO DE SALIDA <b>22/11/2011</b>	OFICINA SERVICIOS CENTRALES <b>13:32:22</b>
S061201100007225	

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA  
DO MIÑO-SIL

RESIDENCIA

S/REF.  
N/REF. Resposta Alegación Plan  
DATA 09 de novembro de 2011  
ASUNTO ALEGACIÓN AO PROXECTO DE  
PLAN HIDROLÓXICO MIÑO-SIL 2010-2015

Sociedade Galega de Educación Ambiental

En primeiro lugar, desexo trasladarlle o noso agradecemento pola presentación da súa alegación ao proxecto de Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.

As máis de 600 observacións presentadas durante o período de consulta pública do proceso de planificación hidrolólica son unha boa mostra da participación activa de todos os interesados para contribuír a promover, dende a responsabilidade compartida, unha xestión sostible, equilibrada e equitativa dos recursos hídricos das concas dos ríos Miño, Sil e Limia.

Unha vez analizada a súa alegación, e de conformidade co disposto tanto na Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, como na lexislación que a desenvolve, procédese a responder de forma motivada a cada unha das observacións presentadas.

## OBSERVACIÓN N° 01

### ***Síntese da Observación***

Considérase, que malia o que establece a Directiva Marco da Auga, os procesos de participación pública non foron suficientes, botándose de menos a celebración dalgúnha xornada territorial nas bacias da Limia e Cabe. Así mesmo, reclámase a continuidade do proceso de información e participación pública unha vez aprobado o plan.



### ***Resposta Motivada***

A Confederación realizou un esforzo por abranguer a maior parte do territorio posible, vénndose este incrementado tras a creación da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Non obstante, como se reclama na alegación, o proceso de información e participación pública verase continuado unha vez aprobado o plan.

Ademais engádese un novo apartado ao artigo 84 da normativa do Plan onde se especifica a continuidade do proceso de participación pública.

### **OBSERVACIÓN N° 02**

#### ***Síntese da Observación***

Valórarse como acertada a elaboración de publicacións divulgativas sobre os aspectos más relevantes da planificación e recoméndase continuar co devandito traballo unha vez aprobado o plan para contar coa participación cidadá no cumprimento dos seus obxectivos.

### ***Resposta Motivada***

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil agradece que se consideren positivas estas publicacións e pretende continuar con este tipo de actividades no futuro.

### **OBSERVACIÓN N° 03**

#### ***Síntese da Observación***

Propónse engadir na normativa do Plan un novo artigo a xeito de título preliminar onde se recollan os obxectivos xerais do plan, nos que figuren: Fomento da información, a transparencia na xestión dos recursos así como a concienciación e educación ambiental da cidadanía; mecanismos e liñas estratéxicas para a recuperación de custos nos servizos da auga; e garantías para a participación activa da cidadanía na xestión da auga.

### ***Resposta Motivada***

Tal e como se expón na alegación, as normas do Plan Hidrolóxico Norte I actualmente vixente, aprobado polo Real Decreto 1664/1998, do 24 de xullo, inclúen un título preliminar, norma 0, que expón certos obxectivos, se ben estes non se corresponden cos obxectivos do Plan en particular, senón coa planificación hidrolólica en xeral. Os



obxectivos incluídos na mencionada norma 0 do plan eran os xa recollidos na entón vixente "Ley 19/1985, de 2 de agosto, de Aguas", no seu artigo 38.1.

En relación co anterior, os obxectivos da planificación hidrolóxica recóllese actualmente no artigo 40.1 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, tal e como se indica na exposición de motivos do Borrador de Real Decreto, polo que se vai aprobar o novo Plan. Deste modo, non poderían modificarse os citados obxectivos mediante o plan que se encontra en redacción, e resultaría innecesario a súa repetición neste, xa que o que se ten que incluír nel son disposicións que fagan cumplir os devanditos obxectivos.

Polo tanto, estando recollidos os devanditos obxectivos na exposición de motivos e no TRLA, non se considera imprescindible incorporar un artigo sobre estes.

## **OBSERVACIÓN N° 04**

### **Síntese da Observación**

Demándase unha maior concreción no proceso descrito na normativa do Plan de seguimento e revisión deste. Solicítase a inclusión dun novo artigo que inclúa, por un lado a re-alización dun informe con periodicidade anual do cumprimento do programa de medidas e dos obxectivos ambientais, que estaría dispoñible para o público en xeral e, por outra parte, que as administracións ou axentes encargado de executar as actuacións previstas no plan, deberán facilitar ao Organismo de bacía, anualmente, mediante os mecanismos de coordinación que se establezan, a información sobre o desenvolvemento das medidas e actuacións nomeadas no punto anterior, indicándose investimento previsto e efectivamente executado, prazos previstos de finalización, recuperación de custos de actuación e indicadores de custo eficacia da medida.

### **Resposta Motivada**

En relación coa primeira parte do artigo proposto, debe terse en conta que a esixencia da redacción dun informe sobre o grao de cumprimento ou execución do plan é praticamente redundante co informe que se recolle no artigo 85.3 da normativa do novo Plan, ao diferenciarse únicamente no órgano que o elabora e a súa periodicidade, polo que non se considera conveniente incluír esta nova esixencia.

En canto á segunda parte do artigo proposto, parece útil considerar a devandita previsión co fin de que se poida levar a cabo o seguimento do plan e a redacción do informe esixido no citado artigo 85.3. Non obstante, hai que ter en conta que calquera mecanismo



de coordinación con outras administracións debe ser realizado polo Comité de Autoridades Competentes, atendendo ás funcións establecidas no artigo 36.bis del TRLA, polo que se trasladará a suxestión realizada para a súa discusión neste.

## **OBSERVACIÓN N° 05**

### ***Síntese da Observación***

Demándase un novo artigo na normativa que garanta a continuidade do proceso de participación pública durante a aplicación do novo Plan Hidrológico.

### ***Resposta Motivada***

Considérase que esta proposta é acorde ás directrices da DMA e da normativa española, co que se engadirá á normativa un novo apartado.

## **OBSERVACIÓN N° 06**

### ***Síntese da Observación***

Bótase en falta un artigo no que se faga referencia aos axentes do plan, como o plan anterior, no que figuren asociacións de usuarios, o tecido social e as organizacións ambientalistas.

### ***Resposta Motivada***

Os axentes do plan están indicados no Anexo XI da memoria do Plan, apartado 4.7, polo que non se considera necesario engadir un artigo para facer referencia a isto.

## **OBSERVACIÓN N° 07**

### ***Síntese da Observación***

Propónse que no Art. 80 se inclúa a actualización tarifaria con carácter xeral baixo criterios de recuperación de custos e fomento do aforro de auga, eliminando cotas de consumo mínimo, etc.; o fomento de campañas de concienciación e información aos usuarios e consumidores co fin de que poidan coñecer de xeito sinxelo, o seu consumo de auga a través da factura, e outras accións de información e sensibilización; e promoción de espazos de participación para unha nova cultura da auga.



### ***Resposta Motivada***

O artículo 80 vaise modificar, xa que a Confederación non ten competencia na política tarifaria, polo que se limitará a recomendar as devanditas actuacións e propoñelas no Comité de Autoridades Competentes. No ámbito da información e participación, non obstante, intentará levar a cabo ao máximo as iniciativas propostas.

## **OBSERVACIÓN N° 08**

### ***Síntese da Observación***

Solicítase a inclusión dun artigo na normativa que estableza que as axudas que se concedan pola administración estatal ou autonómica para a creación ou renovación de infraestruturas de abastecemento/saneamento deberán adxudicarse exclusivamente ás entidades que xustifiquen a aplicación dos principios de transparencia e recuperación de custos.

### ***Resposta Motivada***

Os requisitos que deben ter os beneficiarios para obter unha subvención deben fixarse nas bases reguladoras desta, tal e como se esixe na “Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones”.

En relación con outro tipo de axudas, como por exemplo fiscais, deben introducirse os citados requisitos nas normas reguladoras dos impostos nos que se queira aplicar unha bonificación/dedución.

No caso de contratación por parte das Administracións para a realización da creación ou renovación das mencionadas infraestruturas, deberá incluirse cláusulas ou previsións ao respecto nos correspondentes Pregos e demais documentación da licitación.

Polo tanto, está fóra do ámbito da planificación hidrolólica a consideración desta proposta.

## **OBSERVACIÓN N° 09**

### ***Síntese da Observación***

Considérase que debe ampliarse o Programa de Medidas coa inclusión de medidas administrativas que teñan en conta aspectos socioambientais, educativos e participativos. A este respecto solicítase a inclusión de: Unha política de tarificación



transparente e de dada comprensión que potencia o uso eficiente; o establecemento de bonificacións por motivos de eficiencia co fin de reducir o consumo de auga por parte dos usuarios e promoción das boas prácticas para a redución da contaminación; e promover a conciencia-social intentando influír nos comportamentos da cidadanía, empresas e institucións para un mellor uso da auga.

#### ***Resposta Motivada***

Por ser unha proposta que vai máis alá das competencias da propia Confederación Hidrográfica, levarase o Comité de Autoridades Competentes para a súa discusión.

### **OBSERVACIÓN N° 10**

#### ***Síntese da Observación***

Demándase o desenvolvemento de programas educativos, de carácter estable e continuidade no tempo sobre: o ciclo integral da auga, a xestión sostible dos ríos, prácticas respectuosas co medio nos fogares, etc., continuando coa liña do programa "Hogares verdes" do Ministerio de Medio Ambiente. Isto podería instrumentarse mediante programas educativos e formativos e campañas de comunicación, convenios de colaboración entre Administracións, entidades sociais ou a través doutros medios.

#### ***Resposta Motivada***

A Confederación Hidrográfica considera interesante o desenvolvemento de programas educativos polo que se estudará incluír como medida nun novo ciclo de planificación, ademais, tratarase este tema no Comité de Autoridades Competentes para tratar de implicar o resto de Administracións.

### **OBSERVACIÓN N° 11**

#### ***Síntese da Observación***

Proponse a potenciación das infraestruturas de xestión da auga como recursos educativos para aumentar a sensibilización cidadá.

#### ***Resposta Motivada***

Valórarse esta proposta e intentarase potenciar a educación ambiental mediante o coñecemento das infraestruturas de xestión da auga.



## **OBSERVACIÓN N° 12**

### ***Síntese da Observación***

Propónese a inclusión no programa de medidas dun programa estable de educación ambiental sobre os ecosistemas fluviais e no ámbito dos ríos da Demarcación, dirixido a promover a participación cidadá na xestión recuperación e conservación do patrimonio natural e cultural dos ríos. Propónese o aproveitamento de infraestruturas existentes, como centros de interpretación.

### ***Resposta Motivada***

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil transmitirá esta suxestión ao Comité de Autoridades Competentes, onde se estudará a súa posible inclusión no Programa de Medidas en función da análise custo-eficacia e segundo as dispoñibilidade presupostaria do organismo.

## **OBSERVACIÓN N° 13**

### ***Síntese da Observación***

Demándase unha maior transparencia nas Administracións públicas, requiríndose: unha maior información accesible á cidadanía a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación sobre os custos da xestión da auga, os traballos de mantemento e modernización e os seus custos e beneficios, consumo da comunidade, seguimento do estado dos recursos, indicadores de calidade comprensibles para a cidadanía, etc.; unha maior transparencia por parte dos organismos de bacia, presupostos, investimentos, actuacións, obxectivos e resultado obtidos coas medidas executadas, recomendándose realizar, polo menos con carácter anual, unha memoria de xestión da Confederación Hidrográfica, con carácter público e indicadores obxectivos; e desenvolvemento dun novo modelo de xestión pública da auga que incentive a responsabilidade cidadá, dende a participación pública e a transparencia, na liña do que se vén denominando democracia 2.0.

### ***Resposta Motivada***


No ámbito da planificación hidrolóxica fomentarase a transparencia, información e participación activa en todo momento. Non obstante, as peticións realizadas superan o ámbito competencial do Plan Hidrolóxico, co que se trasladarán aos organismos oportunos.



Conforme ao exposto, a súa alegación foi resolta nos termos transcritibidos. Así mesmo, segundo o disposto no Artigo 74.3 do Real Decreto 907/2007 elaborarase un documento de síntese sobre todas as alegacións recibidas no que se xustificará como foron tomadas en consideración e cuxas conclusións serán integradas na redacción final do Plan.

Por último, co obxecto de garantir a todos os interesados os dereitos de acceso á información ambiental, infórmolle que tanto a súa alegación como a resposta motivada estará accesible na páxina electrónica desta Confederación Hidrográfica, xunto con toda a documentación relativa ao Plan Hidrolóxico 2010-2015.

Reiterando o noso agradecemento pola súa importante colaboración, saúðao atentamente,



Francisco F. Fernández Liñares  
Presidente